

Solucionario

1 • **Constitución:** é a lei máis importante de España, na que se establece que España é un «Estado social e democrático de dereito» e se recollen os dereitos e os deberes dos españois e a organización territorial de España. • **Monarquía:** forma de goberno en que o xefe do Estado é o rei. • **Deputado:** representante dos españois no Congreso dos Deputados. • **Senador:** representante dos españois no Senado.

2 **Educación cívica.** España é un «Estado social e democrático de dereito». Social, porque garante todo o necesario para o desenvolvemento persoal de todos os cidadáns (educación, sanidade, traballo, vivenda...); democrático, porque os españois teñen dereito a participar na vida política (elección dos seus representantes); e de dereito, porque a lei é o valor máis importante do Estado (todos os cidadáns son iguais ante a lei).

3 • O rei.

• É unha monarquía parlamentaria porque o rei non goberna, senón que acata as decisións das Cortes Xerais.